



# CÓDIGO DEONTOLÓXICO

Aprobado polo Pleno do Consello Xeral da Avogacía Española o 6 de marzo de 2019.

© Consejo General de la Abogacía Española

**Tradución ao galego:**

Orestes J. Suárez Antón

**Índice analítico e revisión terminolóxica**

© Sergio Aramburu Guillán e Consello da Avogacía Galega.

## ÍNDICE

### CONTIDO

PREÁMBULO .....	3
Artigo 1.- Obrigas deontolóxicas. ....	8
Artigo 2.- Independencia. ....	8
Artigo 3.- Liberdades de defensa e de expresión. ....	9
Artigo 4.- Confianza e integridade. ....	9
Artigo 5.- Segredo profesional. ....	10
Artigo 6.- Da publicidade. ....	11
Artigo 7.- Lealdade profesional. ....	13
Artigo 8.- Substitución na actuación. ....	14
Artigo 9.- Relacións co colexio. ....	15
Artigo 10.- Relacións cos tribunais. ....	16
Artigo 11.- Relacións entre profesionais da avogacía. ....	17
Artigo 12.- Relacións cos clientes. ....	19
Artigo 13.- Relacións coa parte contraria. ....	23
Artigo 14.- Honorarios. ....	24
Artigo 15.- Follas de encarga ....	25
Artigo 16.- Provisións de fondos e pagamentos a conta. ....	26
Artigo 17.- Impugnación de honorarios. ....	26
Artigo 18.- Pagamentos por captación de clientela. ....	26
Artigo 19.- Tratamento de fondos alleos. ....	26
Artigo 20.- Cobertura da responsabilidade civil. ....	27
Artigo 21.- Emprego das tecnoloxías da información e a comunicación. ....	28
Artigo 22.- Exercicio a través de sociedades profesionais. ....	28
DISPOSICIÓN DERROGATORIA. ....	28
DISPOSICIÓN FINAL. ....	28
Índice analítico do Código Deontolóxico da Avogacía Española 2019 .....	29

---

## PREÁMBULO

A función social da avogacía esixe compilar as normas deontolóxicas para regular o seu exercicio. Ao longo dos séculos, moitos foron os intereses que lle foron confiados, todos eles transcendentais, relacionados fundamentalmente co imperio do Dereito e a Xustiza. E nese quefacer, que transcendeu á propia e específica actuación concreta de defensa, a avogacía foi acrisolando valores salvagardados por normas deontolóxicas necesarias non só para o dereito de defensa, senón tamén para a tutela dos máis altos intereses do estado, proclamado hoxe social e democrático de dereito.

Por razóns de corrección lingüística preferiuse utilizar só en contadas ocasións a expresión “avogado” que esixiría a dobre referencia a avogado e avogada ou empregar outros métodos para designar os dous xéneros. Por iso, substitúese por “avogacía”, que designa tanto á profesión como ao conxunto, homes e mulleres, que a exercen.

Como toda norma, a deontolóxica insírese no universo do Dereito, rexido polo principio de xerarquía normativa e esixe, ademais, claridade, adecuación e precisión, de xeito que calquera modificación de feito ou de dereito na situación regulada obriga a adaptar a norma á nova realidade legal ou social.

Durante séculos, os escasos cambios operados nas funcións de quen exercen a avogacía e na propia sociedade motivaron poucas modificacións nunhas normas deontolóxicas que viñan acreditándose como eficaces para a alta función que lle estaba reservada. É a partir da segunda metade do século XX, desde o momento en que os estados decididamente consagran a dignidade humana como valor supremo que informa todo o ordenamento xurídico, cando a función da avogacía acada a súa definitiva transcendencia, facilitando á persoa e á sociedade en que se integra, a técnica e coñecementos necesarios para o consello xurídico e a defensa dos seus dereitos. De nada serven estes se non se prevé do medio idóneo para defender aos que a cada cal lle corresponden.

Nunha sociedade constituída e activada con base no Dereito, que proclama como valores fundamentais a igualdade e a xustiza, quen exerce a avogacía, experto en leis e coñecedor da técnica xurídica e das estratexias procesuais, eríxese en elemento imprescindible para a realización da xustiza, garantindo a información ou asesoramento, a contradición, a igualdade das partes tanto no proceso como fóra del, encarnando o dereito de defensa que é requisito imprescindible da tutela xudicial efectiva. Por iso, hoxe precisa máis ca nunca

ratificar e desenvolver unhas normas de comportamento que permitan satisfacer os inalleables dereitos do cliente, respectando a defensa e consolidación dos valores superiores nos que se asenta a sociedade e a propia condición humana.

Recentemente, moitas foron as reformas lexislativas e moitos tamén os cambios políticos e sociais que afectaron ao exercicio profesional en España, o que fai necesaria a actualización das normas xurídicas que o rexen.

A decidida vocación de prover á avogacía dos instrumentos máis eficaces para abordar o século XXI esixe agora a compilación e posta ao día das normas deontolóxicas que deben rexer a actividade profesional nun só texto actualizado. E iso realízase sen abdicar dos principios que viñeron caracterizando a actuación multiseccular cuxa propia supervivencia acredita fielmente a súa medular función, e incorporando ademais as máis recentes experiencias derivadas de situacións novas completamente alleas ao mundo da avogacía ata hai ben pouco.

O Conseil Consultatif des Barreaux Européens (CCBE), máximo órgano representativo da avogacía perante as institucións da Unión Europea, mantén un Código Deontolóxico cuxa finalidade é a de establecer unhas normas de actuación no exercicio profesional transfronteirizo e outras básicas que representan as garantías mínimas esixibles para posibilitar o dereito de defensa dunha forma efectiva. O Consello Xeral da Avogacía Española asumiu integramente ese Código Deontolóxico e agora actualiza a normativa incorporando as novidades e corrixindo as disfuncións que se observaron desde 2002 co propósito de que sexa aplicable en todos os territorios autonómicos e nos ámbitos dos colexios, a quen corresponde ordenar o exercicio profesional. Por iso, as presentes normas teñen vocación de básicas, correspondendo, no seu caso, o seu desenvolvemento e adecuación, e en definitiva determinar o xusto equilibrio dos intereses en xogo no seu respectivo ámbito territorial aos Consellos Autonómicos e aos colexios, aceptando os principios que aquí se consagran.

Sobreviven como valores fundamentais no exercicio da profesión, a independencia, a liberdade, a dignidade, a integridade, o servizo, o segredo profesional, a transparencia e a colexialidade.

A independencia de quen exerce a avogacía resulta nun estado de dereito tan necesaria como a imparcialidade do xuíz. Informa ao seu cliente da súa posición xurídica, dos distintos valores que se poñen en xogo en calquera das súas accións ou omisións, provéndolle da defensa técnica dos seus dereitos e liberdades fronte a outros axentes sociais, cuxos dereitos e dignidade persoal teñen de ser tamén tidas en conta; e esta tan complexa como unívoca actuación só serve ao cidadán e ao propio sistema do estado de dereito se

está exenta de presión, se posúe total liberdade e independencia de coñecer, de formar criterio, de informar e de defender, sen outra servidume que o ideal de xustiza.

A honradez, probidade, rectitude, lealdade, dilixencia e veracidade son virtudes que deben adornar calquera actuación. Elas son a causa das necesarias relacións de confianza co cliente e son a base da honra e a dignidade da profesión. Débese actuar sempre honesta e diligentemente, con competencia, con lealdade ao cliente, con respecto á parte contraria, e gardando segredo de canto coñecer por razón da súa profesión. E calquera que así non o fixer afecta á honra e dignidade de toda a profesión coa súa actuación individual.

A dignidade, como modo de comportamento, debe impregnar todas as actividades profesionais de quen exerce a avogacía, xa que esta está ao servizo do ser humano e da sociedade. Por iso, debe preservar non só a propia, senón a dos seus clientes, compañeiros e contrarios, tratándoos con distinción, deferencia e respecto, sen esquecer que as súas actuacións repercuten na profesión enteira. Por tanto, quebranta a obriga de comportarse con dignidade quen exerce a súa profesión con desprezo ou esquecemento de que trata con persoas, ou incorre en comportamentos que, pola súa natureza, cuestionen ou desacrediten gravemente a consideración que debe aos que se relacionan con el.

A Constitución Española reconece a toda persoa o dereito a non declarar contra si mesma, e tamén o dereito á intimidade. Ambos perseguen preservar a liberdade e a vida íntima persoal e familiar do cidadán, cada vez máis vulnerable aos poderes estatais e a outros poderes non sempre ben definidos. O cidadán precisa asesoría xurídica para coñecer o alcance e a transcendencia dos seus actos, e, para iso, debe confesarlle as súas circunstancias máis íntimas. Quen exerce a avogacía convértese así en custodio da intimidade persoal do seu cliente e do seu inalleable dereito a non declarar contra si mesmo. O segredo profesional e a confidencialidade son deberes e á vez dereitos que non constitúen senón concreción dos dereitos fundamentais que o ordenamento xurídico reconece aos seus propios clientes e á defensa como mecanismo esencial do Estado de Dereito. Todo aquilo que lle sexa revelado polo seu cliente, con todas as súas circunstancias, máis todo aquilo que lle sexa comunicado por un compañeiro con carácter confidencial, deberá mantelo en segredo, agás as situacións excepcionais previstas.

Conforme aos principios fundamentais da avogacía, regúlanse as bases da publicidade persoal de modo que non se poña en risco a liberdade e independencia, a lealdade ao cliente nin o segredo profesional, con absoluto respecto ás normas externas que regulan a competencia, a competencia desleal e a publicidade.

A función de concordia, característica da actuación profesional, impón a obriga de procurar o arranxo entre as partes e esixe que a información ou o asesoramento que se preste non sexa tendencioso nin convide ao conflito ou litixio.

Conságrase a liberdade do profesional da avogacía para asumir a dirección dun asunto ou rexeitalo, así como, unha vez aceptado, para cesar na devandita dirección, sempre que se evite o baleiro que podería traer aparelado ese cambio de asistencia que, en ningún caso, poderá provocar a indefensión do xustizable. Por iso, da antiga institución da “venia” convén conservar a necesaria comunicación do substituto ao substituído, pero encomendando a este unha responsable actuación informativa, como xa viña sucedendo na práctica. Iso permite garantir que o cidadán non quedará en indefensión entre a actuación do substituído e o substituto, establecendo un único momento no que cesarán as responsabilidades dun e comezasen as do outro, e procurará, ademais, unha importante información ao substituto en beneficio sempre dos intereses obxecto de defensa.

Debe terse sempre presente a alta función que a sociedade confiou á avogacía, que supón nada menos que a defensa efectiva dos dereitos individuais e colectivos cuxo recoñecemento e respecto constitúe a espiña dorsal do propio Estado de Dereito. Por iso, quen exercen a avogacía só se poden encargar dun asunto cando contén coa capacidade adecuada para exercer o seu asesoramento e defensa dunha maneira real e efectiva, para incrementar constantemente os seus coñecementos xurídicos e para solicitar o auxilio dos máis expertos, cando o precise.

Profúndase na regulación da tenza de fondos de clientes. O exercicio colectivo e multidisciplinar da profesión, xunto ás técnicas que hoxe ofrecen as entidades financeiras, aconsella insistir na regulación da tenza dos fondos de clientes, manténdooos identificados, separados dos propios do bufete, e sempre ao seu dispor, o que contribuirá á transparencia na actuación fortalecendo a confianza do seu cliente.

Poucas variacións experimentan as normas deontolóxicas reguladoras das obrigas e relacións co colexio, cos tribunais e cos compañeiros. Profúndase, si, na salvagarda dos valores fundamentais que informan o exercicio profesional na relación co cliente. E así, concréntanse as obrigas de información, increméntanse as precaucións para evitar o conflito de intereses protexendo a responsabilidade e independencia por medio do establecemento de mecanismos que permitan identificar claramente o comezo e final da súa actuación e, por tanto, da súa responsabilidade e, sobre todo, insistindo no recoñecemento da súa liberdade para cesar na defensa cando non desexe continuar nela, libérrima decisión que garante permanentemente a

independencia e que se corresponde coa que ten o cidadán para designar ao avogado ou avogada da súa elección en calquera momento.

As presentes normas deontolóxicas non imponen limitacións á libre competencia, senón que se erixen en deberes fundamentais no exercicio da función social da avogacía nun Estado de Dereito, que esixe desempeñala con competencia, de boa fe, con liberdade e independencia, lealdade ao cliente, respecto á parte contraria e gardando segredo de canto coñecer por razón da súa actuación profesional.

## Código deontolóxico da avogacía española

---

### ARTIGO 1.- OBRIGAS DEONTOLÓXICAS.

1. Os homes e mulleres que exercen a avogacía están obrigados a respectar a Deontoloxía inspirada nos principios éticos da profesión. As fontes principais da Deontoloxía atópanse no Estatuto Xeral da Avogacía Española, no Código Deontolóxico da Avogacía Europea, no presente Código, aprobado polo Consello Xeral da Avogacía Española, e nos que, no seu caso, tiveren aprobados os Consellos Autonómicos de colexios.
2. As normas deontolóxicas son aplicables tamén, no pertinente, aos que sexan non exercentes e aos que estean inscritos co título do seu país de orixe.
3. Cando se actúe fora do ámbito do colexio de residencia, dentro ou fóra do Estado español, deberase respectar as normas deontolóxicas vixentes no ámbito do colexio de acollida ou onde se desenvolva unha determinada actuación profesional.
4. Os consellos de colexios das diferentes autonomías haberán de remitir as normas deontolóxicas que tiveren aprobadas á Secretaría Xeral do Consello Xeral da Avogacía Española e esta obterá da Secretaría do CCBE as dos demais países da Unión Europea.

---

### ARTIGO 2.- INDEPENDENCIA.

1. A independencia de quen exerce a avogacía é unha esixencia do Estado de Dereito e do efectivo dereito de defensa do xustizable e da cidadanía polo que constitúe un dereito e un deber.
2. Para poder asesorar e defender adecuadamente os lexítimos intereses do cliente, débese manter o dereito e o deber de preservar a independencia fronte a toda clase de inxerencias e fronte a intereses propios ou alleos.
3. A independencia debe ser preservada fronte a presións ou esixencias que limiten ou poidan limitala, sexa respecto dos poderes públicos, económicos ou fácticos, dos tribunais, do cliente, sexa respecto dos colaboradores ou integrantes do despacho.



4. A independencia permite non aceptar a encarga ou rexeitar as instrucións que, en contra dos propios criterios profesionais, pretendan impoñer o cliente, os membros do despacho, os outros profesionais cos que se colabore ou calquera outra persoa, entidade ou corrente de opinión, debendo cesar no asesoramento ou defensa do asunto cando se considere que non se pode actuar con total independencia, evitando, en todo caso, a indefensión do cliente.

---

### ARTIGO 3.- LIBERDADES DE DEFENSA E DE EXPRESIÓN.

1. Quen exercen a avogacía teñen o dereito á plena liberdade de defensa e o deber de defender e asesorar libremente aos seus clientes.

2. A liberdade de expresión está especialmente amparada pola Constitución Española, a vixente Lei orgánica do poder xudicial e demais lexislación que poida resultar aplicable.

3. A liberdade de expresión non lexitima o insulto nin a descualificación gratuíta.

4. Non se poderán utilizar medios ilícitos nin a fraude como forma de eludir as leis.

5. Débense exercer as liberdades de defensa e expresión conforme ao principio de boa fe e ás normas da correcta práctica profesional, procurando sempre a concordia, facendo uso de cantos remedios ou recursos establece a normativa vixente, esixindo tanto das Autoridades, como dos colexios, todas as medidas de axuda na súa función que lles sexan legalmente debidas.

---

### ARTIGO 4.- CONFIANZA E INTEGRIDADE.

1. A relación co cliente fundaméntase na confianza recíproca e esixe unha conduta profesional íntegra, honrada, leal, veraz e dilixente.

2. É obriga non defraudar a confianza do cliente e non defender intereses en conflito, sexan propios ou de terceiros.

3. Nos casos de exercicio colectivo ou en colaboración con outros profesionais, quen exercen a avogacía terán o dereito e a obriga de rexeitar calquera intervención que poida resultar contraria aos principios de confianza e integridade ou que poida implicar conflito de intereses con outros clientes do despacho, calquera que sexa o que os atenda.

---

## ARTIGO 5.- SEGREDO PROFESIONAL.

1. A confianza e a confidencialidade nas relacións co cliente, innata no dereito deste á súa defensa e intimidade e a non declarar na súa contra, impón a quen exerce a avogacía a obriga de gardar segredo, e, á vez, confírelle este dereito, respecto dos feitos ou noticias que coñeza por razón de calquera das modalidades da súa actuación profesional, limitándose o uso da información recibida do cliente ás necesidades da súa defensa e asesoramento ou consello xurídico, sen que poida ser obrigado a declarar sobre eles como recoñece a Lei orgánica do poder xudicial.

2. O deber e dereito ao segredo profesional comprende todas as confidencias e propostas do cliente, as da parte adversa, as dos compañeiros, así como todos os feitos e documentos de que tivo noticia ou remitiu ou recibiu por razón de calquera das modalidades da súa actuación profesional.

3. Calquera tipo de comunicación entre profesionais da avogacía, recibida ou remitida, está amparada polo segredo profesional, non podendo ser facilitada ao cliente, nin achegada aos tribunais nin utilizada en calquera outro ámbito, agás autorización expresa do remitente e do destinatario, ou, na súa falta, da xunta de goberno, que poderá autorizalo discrecionalmente, por causa grave e previa resolución motivada con audiencia dos interesados. En caso de substitución, esta prohibición estaralle imposta ao substituto respecto da correspondencia que o substituído mantivese con outros profesionais da avogacía, requiríndose a autorización de todos os que interviñeron.

Exceptúanse desta prohibición as comunicacións nas que o remitente deixe expresa constancia de que non están suxeitas ao segredo profesional.

4. As conversas mantidas cos clientes ou cos contrarios, de presenza ou por calquera medio telefónico ou telemático, en que interveñan profesionais da avogacía non poderán ser gravadas sen previa advertencia e conformidade de todos os intervenientes e sempre quedarán amparadas polo segredo profesional.

5. O segredo profesional ampara as comunicacións e negociacións orais e escritas de todo tipo, con independencia do medio ou soporte utilizado.

6. O deber de segredo profesional en relación cos asuntos profesionais encomendados, ou nos que interveña calquera dos membros dun despacho colectivo, esténdese e vincula a todos e cada un deles.

7. En todo caso, quen exerce a avogacía deberá facer respectar o segredo profesional a calquera outra persoa que colabore con el na súa actividade.
8. A obriga de gardar o segredo profesional permanece mesmo despois de cesar na prestación dos servizos ao cliente ou abandonado o despacho onde se estaba incorporado, sen que estea limitada no tempo.
9. Soamente poderá facerse uso de feitos ou noticias sobre os cales se deba gardar o segredo profesional cando se utilice no marco dunha información previa, dun expediente disciplinario ou para a propia defensa nun procedemento de reclamación por responsabilidade penal, civil ou deontolóxica. Todo iso sen prexuízo do disposto en relación coa achega da correspondencia mantida con outros profesionais da avogacía no número 3 deste artigo.
10. O consentimento do cliente non escusa da preservación do segredo profesional.
11. Non se aceptará a encarga cando se mantivo coa parte adversa unha entrevista para evacuar unha consulta referida ao mesmo asunto e esta afecte ao seu deber de segredo profesional.

---

## ARTIGO 6.- DA PUBLICIDADE.

1. Poderase realizar libremente publicidade dos servizos profesionais, con pleno respecto á lexislación vixente sobre a materia, defensa da competencia, competencia desleal e normas deontolóxicas da avogacía.
2. A publicidade respectará en todo caso a independencia, liberdade, dignidade e integridade como principios esenciais e valores superiores da profesión, así como ó segredo profesional e haberá de ser obxectiva, veraz e digna, tanto polo seu contido como polos medios empregados.
3. Deberase indicar na publicidade o colexio ao que se pertenza.

A publicidade non poderá supoñer:

- a. A revelación directa ou indirecta de feitos, datos ou situacións amparados polo segredo profesional.
- b. A incitación xenérica ou concreta ao preito ou conflito.
- c. A oferta de servizos profesionais, por si ou mediante terceiros, a vítimas directas ou indirectas de catástrofes, calamidades públicas ou outros

sucesos que producen un número elevado de persoas afectadas e aos seus herdeiros e sucesores, en momentos ou circunstancias que condicionen a libre elección de Avogado ou Avogada e, en ningún caso, ata transcorridos 45 días desde o feito. Tampouco se poderá dirixir, por si ou mediante terceiros, aos que o sexan de accidentes ou infortunios recentes, ou aos seus herdeiros ou sucesores, que carezan da plena e serena liberdade de elección. Estas prohibicións quedarán sen efecto no caso de que a prestación destes servizos profesionais fose solicitada expresamente pola vítima.

d. A promesa de obter resultados que non dependan exclusivamente do que a realiza.

e. A referencia a clientes sen a súa autorización escrita, agás as mencións que, no seu caso, se poidan facer cando se participa en procesos de contratación pública e só para eles.

f. A utilización de emblemas institucionais ou colexiais e daqueles outros que pola súa similitude puidesen xerar confusión, agás disposición contraria contida nos estatutos particulares e daqueles símbolos que se aproben para distinguir a condición profesional.

g. A mención de actividades que sexan incompatibles co exercicio da avogacía.

h. E, en xeral, a publicidade contraria ás normas deontolóxicas da profesión.

4. As mencións que á especialización en determinadas materias se inclúan na publicidade deberán responder á posesión de títulos académicos ou profesionais, á superación de cursos formativos de especialización profesional oficialmente homologados ou a unha práctica profesional prolongada que as avalen.

5. Os que exerzan co seu título profesional de orixe e se publiciten deberano facer con mención expresa de tal circunstancia, debendo utilizar en calquera caso a denominación que corresponda de conformidade co disposto nas normas aplicables, prohibíndose o uso dos títulos de “avogado” ou “avogada” expresados en calquera das linguas oficiais de España para a debida protección dos consumidores dos servizos xurídicos.

6. Cando a denominación do título profesional sexa coincidente en máis dun Estado engadirase ao título profesional unha mención expresa do país de orixe.

7. Así mesmo, cando a regulación da profesión no país de orixe implique limitacións ou especialidades en canto ao ámbito da actividade, deberase engadir tamén unha mención da organización profesional á que pertenza no devandito país e, no seu caso, do órgano ou órganos xurisdicionais perante os que estea habilitado para exercer.
8. Igualmente, os que exerzan a avogacía non poderán traducir o seu título español a outro idioma cando esa tradución corresponda a unha categoría profesional determinada noutro país.
9. Non se permitirá a publicidade encuberta, debendo constar en sitio visible e de modo perfectamente comprensible que se trata de contido publicitario.

---

#### ARTIGO 7.- LEALDADE PROFESIONAL.

1. O exercicio da avogacía en réxime de libre competencia terá de ser compatible en todo caso co cumprimento rigoroso das normas deontolóxicas da profesión.
2. Está prohibida a captación desleal de clientes.
3. Son actos contrarios á lealdade profesional todos aqueles que contraveñan as normas tanto estatais como autonómicas que tutelen a leal competencia e en especial os seguintes:
  - a. A utilización de procedementos publicitarios directos e indirectos contrarios ás disposicións da Lei xeral de publicidade e ás normas específicas sobre publicidade contidas no presente Código e restantes normas complementarias.
  - b. Toda práctica de captación directa ou indirecta de clientes que atente contra a dignidade das persoas ou á función social da avogacía.
  - c. A utilización de terceiros como medio para eludir as obrigas deontolóxicas. Considerarase responsable ao favorecido pola publicidade que realice un terceiro, agás proba en contrario.
  - d. A oferta de servizos en aparencia gratuítos cando non o sexan e poidan xerar confusión aos consumidores, dada a asimetría na relación profesional.

---

## ARTIGO 8.- SUBSTITUCIÓN NA ACTUACIÓN.

1. Quen se encargue da dirección profesional dun asunto encomendado a outro deberállelo comunicar -o que tradicionalmente se coñece como venia que nunca se poderá denegar- nalgunha forma que permita acreditar a recepción ou, polo menos, o intento de tela procurado, dando conta de ter recibido a encarga do cliente. A comunicación farase de contado despois de aceptar a encarga e antes de iniciar calquera actuación. Todo iso realízase para continuar o asunto, a prol da seguridade xurídica, da boa práctica profesional, dunha continuidade harmónica na defensa do cliente e da delimitación das respectivas responsabilidades. O anterior non rexerá cando o substituído mantivese unha relación laboral co cliente.
2. Deberase acusar recibo da comunicación o máis axiña posible, poñendo a disposición do petionario a información e documentación relativa ao asunto que obre no seu poder, así como proporcionarlle os datos e informacións que lle sexan necesarios.
3. En caso de substitución, subsiste a obriga de respectar e preservar o segredo profesional sobre a información e documentación recibida, con especial atención á confidencialidade das comunicacións mantidas entre os profesionais que interviñeron.
4. Igualmente, deberase informar ao cliente, no seu caso, do dereito do profesional que lle precedeu na dirección do asunto a cobrar os seus honorarios e da obriga daquel de aboalos, sen prexuízo dunha eventual discrepancia.
5. Se a substitución entre profesionais ten lugar no marco dun expediente xudicial electrónico, estarase ademais ao establecido na normativa legal e ás súas disposicións de desenvolvemento.
6. Tamén serán de aplicación as normas antes relacionadas cando o Letrado ou Letrada designados de oficio sexa substituído por outro compañeiro ou compañeira de libre designación. En tal caso, a substitución deberá ser comunicada ao colexio polo substituído.
7. Se se está a desempeñar a defensa nun asunto que se tramita perante un xulgado ou tribunal, poderalle comunicar que se cesa para evitar responsabilidades futuras. Deberao facer en todo caso quen, tras a substitución, asuma a dirección letrada.
8. Terá especial gravidade a substitución nun acto procesual sen previa comunicación escrita e oportuna ao relevado, por afectar á eficacia da defensa e á dignidade da profesión.

9. Cando sexa imposible por calquera circunstancia participar a substitución ou acreditar a recepción da comunicación, poderase facer ao decano, decana ou órgano colexial competente, que acusará recibo, entendéndose completada a substitución para todos os efectos.

---

## ARTIGO 9.- RELACIÓNS CO COLEXIO.

As relacións co colexio comportan as obrigas seguintes:

1. Cumprir o establecido no Estatuto Xeral da Avogacía Española, nos Estatutos dos Consellos Autonómicos e nos dos colexios nos que se exerza a profesión, así como a demais normativa da profesión e os acordos e decisións dos órganos de goberno no ámbito correspondente.
2. Respetar aos órganos de goberno e aos membros que os compoñen.
3. Atender coa máxima dilixencia as comunicacións e citacións emanadas de tales órganos ou dos seus membros, no exercicio das súas funcións, agás que se trate das que se reciban no marco dun expediente disciplinario ou unha información previa para unha eventual depuración da responsabilidade.
4. Poñer en coñecemento do colexio todo acto de intrusión, os supostos de exercicio ilegal, tanto pola non colexiación como por atoparse suspendido ou inhabilitado o denunciado, e as infraccións deontolóxicas, aínda cando non se sexa o afectado.
5. Comunicar ao colexio as circunstancias persoais que afecten ao exercicio profesional, tales como cambios de domicilio, número de teléfono, dirección de correo electrónico e supostos de enfermidade ou invalidez por longo tempo que lle impidan atender o coidado dos seus asuntos.
6. Consignar en todos os escritos e actuacións que asinen o nome completo, o colexio ao que estivesen incorporados como exercentes e o número de colexiación.
7. Realizar as intervencións profesionais que se establezan por lei ou, en supostos extraordinarios e de urxente necesidade, polos colexios de Avogados, en garantía da defensa dos dereitos e liberdades e en cumprimento da función social da avogacía.
8. Tratar con corrección e respecto ao persoal do colexio, absténdose de darlles ordes particulares.

9. Acreditar estar de alta como residente no colexio que corresponda ao lugar onde teña fixado o seu domicilio profesional único ou principal cando solicite a súa adscrición como non residente noutro colexio.
10. Cumprir coa normativa da quenda de oficio e en especial coa regulación da asistencia ao detido.

---

#### ARTIGO 10.- RELACIÓNS COS TRIBUNAIS.

1. O deber fundamental de quen exerce a avogacía, como actor na función pública da Administración de Xustiza, é participar nela asesorando, conciliando e defendendo en dereito os intereses que lle sexan confiados. En ningún caso a tutela de tales intereses pode xustificar a desviación da fin de xustiza ao que a profesión se atopa vinculada.
2. Son obrigas cos órganos xurisdicionais:
  - a. Actuar con boa fe e lealdade.
  - b. Cumprir coas fins da Administración de Xustiza.
  - c. Gardar respecto a todos cantos interveñen na administración de Xustiza esixindo á vez o mesmo e recíproco comportamento.
  - d. Exhortar aos clientes á observancia de conduta respectuosa respecto das persoas que actúan nos órganos xurisdicionais.
  - e. Contribuír á dilixente tramitación dos asuntos que se lle encomenden e dos procedementos nos que se interveña.
  - f. Manter a liberdade e independencia no exercicio do dereito de defensa, con absoluta corrección, poñendo en coñecemento do tribunal correspondente e do colexio calquera inxerencia.
  - g. Evitar nas actuacións toda alusión persoal ao tribunal e a calquera persoa que interveña, oral, escrita ou mediante xestos, sexa de aprobación ou de reproche.
  - h. Non divulgar ou someter aos tribunais unha proposta de arranxo amigable feita pola defensa da parte contraria sen a súa autorización expresa.
  - i. Cumprir os horarios nas actuacións xudiciais e poñer en coñecemento do colexio calquera atraso inxustificado dos xulgados e tribunais superior a media hora.



- j. Comunicar coa debida antelación ao xulgado ou tribunal e aos compañeiros que interveñan calquera circunstancia que lle impida acudir puntualmente a unha dilixencia. A mesma obriga pesará se é o cliente quen non pode acudir.
  - k. Identificarse, en todo caso, como avogado ou avogada. A estes efectos, procurarase portar sempre a credencial expedida polo respectivo colexio.
  - l. Conceder aos demais profesionais da avogacía que interveñen no asunto un prazo prudencial de espera para a celebración de actuacións se, no seu caso, o tribunal o autoriza para evitar a indefensión do adversario.
  - m. Utilizar a toga co seu correspondente distintivo colexial, no seu caso, dentro das dependencias colexiais e xudiciais, debéndose obter autorización da xunta de goberno para outros usos, estando prohibida a inserción de calquera tipo de mensaxe, emblema ou imaxe que non fose previamente autorizado pola xunta de goberno.
3. As anteriores normas serán igualmente aplicables no pertinente ás relacións con árbitros.

---

## ARTIGO 11.- RELACIÓNS ENTRE PROFESIONAIS DA AVOGACÍA.

Nas relacións entre profesionais da avogacía gardaranse as seguintes regras de conduta:

- 1. Deben manter, quen exercen a avogacía, lealdade recíproca, respecto mutuo e relacións de compañeirismo.
- 2. O que pretenda iniciar unha acción, en nome propio ou dun cliente, por posibles responsabilidades derivadas do exercicio da avogacía, ten de comunicalo previamente ao colexio por se considera oportuno realizar un labor de mediación. Este labor de mediación queda suxeito ao deber de confidencialidade e ao de gardar segredo profesional.
- 3. Nos escritos xudiciais, nos informes orais e en calquera comunicación escrita ou oral, debe sempre se manter o máis absoluto respecto a quen defende ás demais partes, evitando toda alusión persoal.
- 4. Desenvolveranse os mellores esforzos para evitar accións de violencia, da clase que sexan, contra os que defendan intereses opostos. Procurarase impedilas por todos os medios lexítimos, en particular as referidas ás accións

dos propios clientes, a quen se esixirá respectar a liberdade e independencia do contrario.

5. Nas súas comunicacións con quen defende á parte contraria, non comprometerá ao seu propio cliente con comentarios ou manifestacións que lle poidan causar desprestixio ou lesión directa ou indirecta.

6. Deberase procurar a solución extraxudicial das reclamacións de honorarios e, de ser posible, de todos os conflitos que xurdan entre quen exercen a avogacía mediante a transacción, a mediación ou a arbitraje do colexio.

7. As reunións entre quen exercen a avogacía celebraranse en lugar que non supoña situación privilexiada para ningún deles. Recoméndase a utilización das dependencias dos colexios cando non exista acordo sobre o lugar da súa celebración. Non obstante, se a reunión tiver de celebrarse no despacho dalgún dos intervenientes, será no daquel que tiver maior antigüidade no exercicio profesional, agás que se trate do actual ou dun anterior decano ou decana, nese caso será no destes, a non ser que se decline expresamente o ofrecemento.

8. Cando se reciba a visita dun compañeiro por asuntos profesionais deberáselle recibir sempre e coa máxima présa, con preferencia a calquera outra persoa, sexa ou non cliente, que garde espera no despacho. En caso de imposibilidade de inmediata atención, deixará momentaneamente as súas ocupacións para saudar e xustificar a demora.

9. Deberanse atender de contado as comunicacións escritas ou telefónicas doutros profesionais da avogacía e estas últimas, persoalmente.

10. Cando se estea negociando cun compañeiro ou compañeira a transacción ou solución extraxudicial dun asunto, estarase obrigado a notificarlle o cesamento ou interrupción da negociación en calquera forma que permita a constancia da recepción ou, no seu caso, o correcto envío da notificación, así como a dar por rematadas as devanditas xestións, antes de presentar reclamación xudicial.

11. As comunicacións con colegas estranxeiros deben ser consideradas tamén de carácter confidencial ou reservado, sendo recomendable requiririlles igual tratamento. Quen se comprometa a axudalo terá sempre en conta que este debe depender del en maior medida que se fose un exercente no propio país.

12. Será obrigatorio absterse de pedir a declaración testifical do Avogado ou Avogada sobre feitos relacionados coa súa actuación profesional.

13. Non se deberán atribuír facultades distintas das conferidas polo cliente para evitar erros de apreciación nin subministrar información falsa ou mendaz.

14. Non se deberá continuar coa defensa ou o asesoramento do cliente cando este o desautorice e non respecte o acordo pactado co profesional que exerza a defensa da parte adversa.

---

## ARTIGO 12.- RELACIÓNS COS CLIENTES.

### A.- Normas xerais

1. A relación co cliente debese fundar na confianza recíproca. Sempre que sexa posible deberase tentar a conciliación dos intereses en conflito.

2. Só será posible encargarse dun asunto por mandato do cliente ou dun terceiro debidamente facultado, encarga dun compañeiro ou compañeira que represente ao cliente ou por designación colexial.

3. Debese comprobar a identidade e facultades de quen efectúe a encarga.

4. A liberdade de defensa comprende a de aceptar ou rexeitar o asunto en que se solicita a intervención, sen necesidade de xustificar a súa decisión. Será obrigatorio, pois, absterse de seguir as indicacións do cliente se ao facelo puidese comprometer a observancia dos principios que rexen a profesión.

5. Así mesmo, comprende a abstención ou cesación na intervención cando xurdan discrepancias co cliente, que devén obligatoria cando concorran circunstancias que poidan afectar á súa liberdade e independencia na defensa ou asesoramento, á preservación do segredo profesional ou comporten obxectivamente un conflito de intereses.

6. Quen renuncie á dirección letrada dun asunto haberá de notificalo por escrito e de forma fidedigna ao cliente e realizar os actos necesarios para evitar a súa indefensión e a perda de dereitos. Cando se trate dunha defensa asumida por designación colexial, a aceptación, rexeitamento, abstención ou cesamento haberán de acomodarse ás normas sobre asistencia xurídica gratuíta. A renuncia deberá sempre se facer con tempo suficiente para que a substitución na defensa ou no asesoramento se exerza con total garantía.

7. Só se poderán emitir informes que conteñan valoracións profesionais sobre o resultado probable dun asunto, litixio ou unha estimación das súas

posibles consecuencias económicas, se a petición procede do cliente afectado quen, en todo caso, deberá ser o exclusivo destinatario. Cando se lle solicite unha opinión sobre un asunto que estea a ser dirixido ou levado por un compañeiro, antes de emitila, verbalmente ou por escrito, poderase dirixir a este para solicitar a información que necesite.

8. O cliente será asesorado e defendido co máximo celo e dilixencia, asumíndose persoalmente a responsabilidade do traballo encargado, sen prexuízo das colaboracións que se soliciten. Sempre se deberá tentar atopar a solución máis axeitada á encarga recibida, debéndose asesorar ao cliente no momento oportuno respecto á posibilidade e consecuencias de chegar a un acordo ou de acudir a instrumentos de resolución alternativa de conflitos.

9. Mentres se estea a actuar para o cliente estase na obriga de levar a encarga a termo na súa integridade, gozando de plena liberdade para utilizar os medios lexítimos e os que fosen obtidos licitamente.

10. A documentación recibida do cliente estará sempre ao seu dispor, non podendo ser retida en ningún caso, nin sequera baixo pretexto de ter pendente o cobro dos honorarios. Non obstante, poderase conservar copia da documentación. En ningún caso se entregará ao cliente copia das comunicacións mantidas entre os profesionais da avogacía que interviñesen no asunto.

11. Comunicarase a renuncia á defensa ou ao asesoramento de forma fidedigna, calquera que sexa a súa causa, por escrito dirixido ao cliente e, no seu caso, ao órgano xudicial ou administrativo perante o que tiver comparecido.

## B.- Deberes de identificación e información.

1. Quen exerce a avogacía ten obriga de se identificar perante a persoa á que asesora ou defende, mesmo cando o fixer por conta dun terceiro, a fin de asumir as responsabilidades civís e deontolóxicas que correspondan. Tamén o é no suposto de consulta telefónica ou por rede informática cun despacho ou asesoría cuxos integrantes sexan descoñecidos para o comunicante. Esta identificación, así como a do colexio ao que se pertence, é a súa primeira e inmediata obriga antes da prestación de servizos e, en todo caso, antes de solicitar o aboamento de contraprestación algunha.

2. Débese poñer en coñecemento do cliente:

- a. A opinión sobre as posibilidades das súas pretensións e resultado previsible do asunto, procurándoo disuadir de promover conflitos ou exercer accións xudiciais sen fundamento.
- b. O importe aproximado dos honorarios ou das bases para a súa determinación e as consecuencias que pode ter unha condena en custas.
- c. O dereito de solicitar a asistencia xurídica gratuíta que o asistirá polas súas circunstancias persoais e económicas.
- d. Todas aquelas situacións que aparentemente puidesen afectar á independencia, como relacións familiares, de amizade, económicas ou financeiras coa parte contraria ou os seus representantes.
- e. A evolución do asunto encomendado, resolucións transcendentales, os recursos, as posibilidades de transacción, a conveniencia de acordos extraxudiciais ou as solucións alternativas ao litixio. Nos procedementos administrativos e xudiciais, se o cliente o require e a conta deste, proporcionaralle copia dos diferentes escritos que se presenten ou reciban, das resolucións xudiciais ou administrativas que lle sexan notificadas e das gravacións de actuacións que se produciron.
- f. A conta detallada dos fondos que recibise do cliente ou para o cliente, que deben estar sempre ao seu dispor. Este deber é esixible, aínda que o cliente non o solicite, cando cesase a relación con este ou rematase o asunto encomendado.
- g. O nome, número de identificación fiscal, colexio ao que está incorporado como exercente e número de colexiación, domicilio profesional e medio para poñerse en comunicación co seu despacho, incluíndo a vía electrónica. Cando se trate dunha sociedade profesional ou despacho colectivo, deberase informar ao cliente da súa denominación, forma, datos de rexistro, réxime xurídico, código de identificación fiscal, dirección ou sede desde a que se presten os servizos e medios de contacto, incluíndo a vía electrónica. Cando os servizos requiridos esixan a participación de diferentes integrantes dunha mesma sociedade ou organización, o cliente terá dereito a coñecer a identidade de todos eles, o colexio ao que pertencen e quen asumirá a dirección do asunto.
- h. A inviabilidade fundada da interposición de recursos ou outras accións contra as resolucións que poñan fin, total ou parcialmente, ao proceso con prazo preclusivo. Esta comunicación deberase facer con tempo suficiente para que o cliente poida solicitar outra opinión ou encargar a súa defensa a un terceiro.

- i. As condicións de aseguranza da súa responsabilidade civil cando o cliente así o solicite.
- j. Todo dato ou feito que lle conste en relación co asunto, sempre que non leve consigo vulneración do segredo profesional e que poida incidir no resultado.
- k. A posibilidade de solicitar a colaboración doutro profesional cando as características ou complexidade do asunto o requira.

Toda esta información deberase proporcionar por escrito cando o cliente o solicite de igual maneira, respectando escrupulosamente a confidencialidade das comunicacións, conversas e negociacións con outros profesionais da avogacía, agás autorización destes.

- 3. En todo caso, poñerase especial atención en efectuar as correspondentes advertencias ao cliente no que respecta á normativa sobre prevención do branqueo de capitais e á obriga de subministrar datos, en determinadas circunstancias, ás autoridades tributarias ou ás derivadas da lexislación sobre protección de datos de carácter persoal.
- 4. Non se debe aceptar ningún asunto se un non se considera apto para dirixilo, a menos que se colabore con quen o sexa, informando ao cliente, con carácter previo, da identidade do colaborador.
- 5. Deberanse comunicar ao cliente as circunstancias persoais e profesionais, tales como cambios de domicilio, número de teléfono, dirección de correo electrónico e supostos de enfermidade ou invalidez por longo tempo que lle impidan atender o coidado dos seus asuntos.

#### C.- Conflito de intereses

- 1. Non se poderá desempeñar a defensa ou o asesoramento de intereses contrapostos con outros que se estea ou estivese defendendo ou asesorando, ou cos propios, xa que a lealdade cara ao cliente é principio fundamental da avogacía.
- 2. No caso de conflito de intereses entre dous ou máis clientes, deberase renunciar á defensa ou ao asesoramento de todos, para a obrigada preservación da independencia, agás autorización expresa de todos para intervir a favor de calquera deles.
- 3. Sen embargo, poderase intervir en interese de todas as partes en funcións de mediación ou na preparación e redacción de documentos de

natureza contractual, debéndose manter en tal suposto unha estrita e exquisita obxectividade.

4. Non se poderán desempeñar encargos profesionais que impliquen actuacións contra un anterior cliente, agás que se asegure que non existe risco de que o segredo das informacións obtidas na relación co antigo cliente poida ser vulnerado; ou cando de ningunha maneira puidese resultar beneficiado o novo cliente con aquelas informacións. A estes efectos tomarase en conta o tipo dos asuntos en que se interveu e o tempo transcorrido. En ningún caso se poderán asumir encargos profesionais que impliquen actuacións contra un anterior cliente no seo do procedemento en que se interveu en defensa deste, nin nos incidentes, recursos, execucións ou novos procedementos que del traian a súa causa.

5. Quen interviñese en defensa de ambas as partes nun procedemento de familia de mutuo acordo non poderá logo actuar en defensa dos intereses dunha fronte a outra en ningún trámite, execución, recurso ou modificación derivados do proceso inicial. Esta prohibición non rexerá cando se actuou só por unha das partes co consentimento da outra.

6. Queda prohibido ocuparse dos asuntos dun conxunto de clientes afectados por unha mesma situación cando xurda un conflito de intereses entre eles, exista risco de vulneración do segredo profesional ou poida estar afectada a liberdade ou independencia.

7. Non se deberá aceptar a encargos dun asunto cando a parte contraria ou un colega de profesión realizou unha consulta referida ao mesmo asunto en virtude da cal adquirise unha información que poida poñer en perigo a súa independencia, a obriga de preservar o segredo profesional ou o seu deber de lealdade.

8. Cando se forme parte ou se colabore nun mesmo despacho, calquera que sexa a forma asociativa utilizada, as normas expostas serán aplicables ao grupo no seu conxunto, e a todos e cada un dos seus membros.

---

## ARTIGO 13.- RELACIÓNS COA PARTE CONTRARIA.

1. A relación e comunicación coa parte contraria, cando conste que dispón de defensa ou asesoramento letrados, deberase manter sempre co compañeiro ou compañeira, a menos que se autorice expresamente por estes o contacto directo.



2. Cando a parte contraria non dispoña de asistencia letrada deberáselle recomendar que a designe. En todo caso, deberase evitar toda clase de abuso e observar a necesaria prudencia no seu trato con ela.

3. Deberase manter coa parte contraria un trato considerado e cortés, con abstención ou omisión de calquera acto que determine para esta unha lesión inxusta.

---

#### ARTIGO 14.- HONORARIOS.

1. Quen exerce a avogacía ten dereito a percibir retribución ou honorarios pola súa actuación profesional, así como o reintegro dos gastos que se lle causaron. A contía e réxime dos honorarios será libremente convida co cliente con respecto ás normas deontolóxicas e sobre competencia desleal, debendo informar previamente o seu importe aproximado ou as bases para a súa determinación. Igualmente, as consecuencias dunha eventual condena en custas. Será obrigatorio emitir a oportuna liquidación dos honorarios e da provisión de fondos recibida e poñer a disposición do cliente o importe sobrante, no seu caso, no prazo máis breve posible desde que se cese na defensa do asunto.

2. Os honorarios teñen de ser percibidos por quen leve a dirección do asunto, sendo contraria á dignidade da profesión a partición e distribución de honorarios agás cando:

- a. Responda a unha colaboración xurídica efectiva
- b. Exista exercicio colectivo da profesión en calquera das formas asociativas autorizadas
- c. Trátese de compensacións a quen se separou do despacho colectivo
- d. Constitúan cantidades a aboar a un compañeiro ou compañeira xubilados ou aos herdeiros dun falecido.

3. Igualmente está prohibido compartir honorarios con persoa allea á profesión, agás os supostos de convenios de colaboración con outros profesionais, subscritos con suxeición ao Estatuto Xeral da Avogacía Española, ou agás que se informe ao cliente desta circunstancia.

4. Para facer efectiva a súa remuneración, deberase entregar unha minuta ao cliente, a cal deberá cumprir os requisitos legais e fiscais correspondentes, onde se expresará detalladamente tanto os conceptos determinados dos



honorarios e a relación dos gastos efectuados e pendentes de reembolso, como os que prevexa.

5. De igual modo poderase emitir unha minuta pro forma, mediante a cal se notificarán de antemán ao cliente os seus honorarios, sen esixir o seu pagamento.

6. A imposición das custas procesuais non conculca o dereito do profesional da avogacía do litigante favorecido pola condena para reclamar os honorarios na contía e forma pactadas.

---

#### ARTIGO 15.- FOLLAS DE ENCARGA

Se subscribise co cliente unha folla de encarga farase constar:

- a. O obxecto da encarga.
- b. As actuacións concretas que expresamente quedan incluídas, ás que, por tanto, é de aplicación. Estímase conveniente que tamén se faga referencia, no seu caso, a aquelas que, como os recursos, informes periciais e outros, non formen parte do orzamento.
- c. O prezo polo traballo profesional que deberá figurar en forma clara e destacada.

Cando polas características do asunto se estime que non é posible a súa determinación en contía exacta, deixarase constancia diso, indicándose en todo caso as bases que servirán para a súa determinación.

- d. As cantidades que se requirirán por suplidos ou por outras circunstancias, que non se inclúen no prezo dos servizos.
- e. Os momentos en que proceda o aboamento das cantidades e os criterios para a prelación e imputación dos pagamentos.
- f. As consecuencias da finalización anticipada da encarga por renuncia, acordo, perda sobrevinda do obxecto e outras causas.
- g. As demais obrigas que impón a lexislación vixente, especialmente o disposto na Lei de prevención do branqueo de capitais e financiamento do terrorismo.
- h. No seu caso, a submisión a arbitraje cando xurdan discrepancias.

- i. As condicións xerais da contratación en todo o que lles sexa aplicable.

---

#### ARTIGO 16.- PROVISIÓNS DE FONDOS E PAGAMENTOS A CONTA.

1. Poderase solicitar a entrega de cantidades en pagamentos a conta de honorarios tanto con carácter previo como durante a tramitación do asunto.
2. A súa contía deberá ser acorde coas previsións do asunto e o importe estimado dos honorarios definitivos.
3. A falta de pagamento autorizará a renunciar ou condicionar a aceptación da encarga profesional ou a cesar nela.
4. Igualmente, poderase solicitar en concepto de provisión de fondos unha cantidade para atender aos gastos suplidos que importe a encarga, debéndose cumprir co previsto no artigo 19 deste Código.
5. De todas as provisións de fondos recibidas estenderase o correspondente xustificante. Os pagamentos a conta de honorarios deberán cumprir as obrigas de emisión de factura e as demais que imponha a lexislación fiscal.

---

#### ARTIGO 17.- IMPUGNACIÓN DE HONORARIOS.

Non se deberán minutar honorarios que fosen obxecto de impugnación procedente ou de queixas xustificadas por razón do seu importe excesivo, nin impugnar sen razón e con carácter habitual as minutas dos compañeiros ou inducir ou asesorar aos clientes a que o fagan.

---

#### ARTIGO 18.- PAGAMENTOS POR CAPTACIÓN DE CLIENTELA.

Non se poderá pagar, esixir nin aceptar comisións, nin ningún outro tipo de compensación a terceiros por enviarlle un cliente ou recomendado a posibles clientes futuros, agás que se informe ao cliente desta circunstancia.

---

#### ARTIGO 19.- TRATAMENTO DE FONDOS ALLEOS.

1. Cando se estea en posesión de diñeiro ou valores de clientes ou de terceiros, concorre a obriga de mantelos depositados con disposición inmediata nunha conta específica aberta nun banco ou entidade de crédito.

Estes depósitos non poderán ser concertados nin confundidos con fondos propios ou do bufete. Deberase levar a oportuna contabilidade ou libro de rexistro de tales cantidades. Deberase responder en todo caso de que a orixe dos fondos procede dunha persoa física ou xurídica determinada e da certeza da existencia desta. Os fondos deben estar vinculados directamente cos clientes e coas actuacións que lle foron encargadas.

2. Os fondos depositados na devandita conta ou contas deben ser individualizados de forma separada e clara, preferiblemente mediante subcontas, como correspondentes aos diversos procesos ou asesoramentos que asuma o profesional de xeito que poida identificarse o seu movemento de entrada e saída, a súa finalidade e a utilización que se fixo de tales fondos.

3. Os movementos de fondos entre subcontas están prohibidos, agás casos xustificadas, non podendo presentar ningunha de tales subcontas un saldo debedor.

4. Agás disposición legal, mandato xudicial ou consentimento expreso do cliente ou do terceiro por conta de quen se faga, queda prohibido calquera pagamento efectuado cos devanditos fondos. Esta prohibición comprende mesmo a detracción dos propios honorarios, agás autorización expresa e escrita.

5. Sempre se deberá comprobar a identidade exacta de quen entrega os fondos, sendo esta obriga rexida polas normas preventivas do branqueo de capitais cando se actúe como suxeito obrigado.

6. Os fondos recibidos ou o seu saldo, agás excepcións debidamente xustificadas, deberanse devolver ou acreditar a quen os proveu, coa correspondente rendición de contas.

7. Os fondos recibidos non se poderán reter máis tempo que o estritamente necesario mesmo se deben honorarios profesionais, quedando prohibida a compensación e autoliquidación.

---

## ARTIGO 20.- COBERTURA DA RESPONSABILIDADE CIVIL.

1. Deberase ter cuberta a responsabilidade profesional en contía adecuada aos riscos que implique.

2. A contratación dun seguro é obrigatoria para as sociedades profesionais e nos demais casos que prevexa a lei.

---

## ARTIGO 21.- EMPREGO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN.

1. O uso das tecnoloxías da información e a comunicación non exime de cumprir as normas deontolóxicas que regulan a profesión nin as obrigas que impoñen as reguladoras da sociedade da información.
2. Débese facer uso responsable e dilixente da tecnoloxía da información e a comunicación, debendo extremar o coidado na preservación da confidencialidade e do segredo profesional.
3. En especial, nas comunicacións, aplicacións, webs e servizos profesionais prestados por medios electrónicos deberá:
  - a. Identificarse co seu nome e, no seu caso, o da sociedade profesional titular do servizo, colexio de adscrición e número de colexiación.
  - b. Asegurarse da recepción das comunicacións privadas pola persoa destinataria e só por ela.
  - c. Absterse de reenviar correos electrónicos, mensaxes ou notas remitidos por outros profesionais da avogacía sen o seu expreso consentimento.

---

## ARTIGO 22.- EXERCICIO A TRAVÉS DE SOCIEDADES PROFESIONAIS.

A actuación a través dunha sociedade profesional ou calquera outra forma asociativa non poderá servir para eludir as responsabilidades deontolóxicas dos profesionais intervinientes.

---

## DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

Queda derogado o Código Deontolóxico aprobado polo Pleno do Consello Xeral da Avogacía en data 30 de xuño de 2002.

---

## DISPOSICIÓN FINAL.

As presentes normas deontolóxicas entrarán en vigor o 8 de maio de dous mil dezanove.

---

## ÍNDICE ANALÍTICO DO CÓDIGO DEONTOLÓXICO DA AVOGACÍA ESPAÑOLA 2019

### A

**Abstención e cesamento.** Véxase tamén Liberdade de defensa.

Aptitude profesional. Art. 12 B.4

En caso de conflito de intereses. Art. 12.5

En caso de designación colexial. Art. 12 A.6

En caso de discrepancias co cliente. Art. 12 A.5

En caso de falta de independencia. Art. 2.4

En caso de non respectar pacto. Art. 11.14

En caso de risco do segredo profesional. Art. 12 A.5

En caso de vulneración dos principios que rexen a profesión. Art. 12 A.4

En procesos de familia. Art. 12 C.5

Liberdade de aceptación e rexeitamento. Art. 12 A.4

Liberdade de defensa. Art. 12 A.5

#### **Alusións persoais**

A outros letrados. Art. 11.3

Ao tribunal e intervinientes. Art. 10.2.g

### Arbitraxe

Relacións con árbitros. Art. 10.3

#### **Asistencia xurídica gratuíta**

Cumprimento da regulación. Art. 9.10

Información do dereito. Art. 12 B.2

#### **Avogados estranxeiros**

Confidencialidade das comunicacións. Art. 11.11

Publicidade. Art. 6.5, Art. 6.6, Art. 6.7

Suxeición ao Código Deontolóxico. Art. 1.2

### B

#### **Branqueo de capitais**

Folla de encarga. Art. 15 g)

Identificación do cliente. Art. 19.1 e 5

Información ao cliente. Art. 12 B.3

Recepción de fondos. Art. 19.5

#### **Boa fe**

Ante tribunais. Art. 10.2 a)

Liberdade de defensa. Art. 3.5

Liberdade de expresión. Art. 3.5

## C

### Captación de clientela

Axuste á ética. Art. 7.3.b

Lealdade profesional. Art. 7.2

Prohibición de comisións. Art. 18

**Cesamento.** Véxase Abstención e cesamento.

### Ciberseguridade

Deber de dilixencia. Art. 21 2

### Competencia

Desleal. Art. 7.3

Desleal en materia de publicidade. Art. 6.1

Exercicio libre e lealdade. Art. 7.1

Liberdade de honorarios. Art. 14.1

Liberdade da publicidade. Art. 6.1

**Comunicacións en xeral.** Véxase tamén Segredo profesional e Comunicacións entre letrados.

Confidencialidade. Art. 5.5, Art. 21 3.c

Por medios electrónicos. Art. 21.3

### Comunicacións entre letrados

Avogados estranxeiros. Art. 11.11

Deber de segredo. Art. 5.3

En caso de substitución. Art. 8.3

Exención do deber de segredo. Art. 5.3 parágrafo 2

Prohibición de entrega ao cliente. Art. 5.3, Art. 12 A.10

Prohibición de facilitala a tribunais. Art. 5.3

Prohibición de reenvío de mensaxes. Art. 21.3 c

### Confianza e integridade

Dilixencia. Art. 4.1

Exercicio colectivo ou colaborativo. Art. 4.3

Honradez. Art. 4.1

Lealdade. Art. 4.1

Reciprocidade. Art. 4.1

Regulación xeral. Art. 4

Relación co cliente. Art. 4.1

Veracidade. Art. 11.13, Art. 4.1

**Confidencialidade.** Véxase Segredo profesional. Véxase Comunicacións.

### Conflicto de intereses

Actuación contra un anterior cliente. Art. 12 C.4

Deber de abstención. Art. 4.2

Defensa conxunta. Art. 12 C.2, Art. 12 C.6

Despacho colectivo. Art. 12 C.8

Entre clientes. Art. 4.3, Art. 12 C.2

Regulación xeral. Art. 12 C

### Consultas e informes

Consulta coa parte adversa. Art. 5.11, Art. 12 C.7

Deber de identificación  
(telemática). Art. 12 B.1

Opinión profesional. Art. 12 A.7

Segunda opinión. Art. 12 A.7

### Costas procesuais

Dereito aos honorarios. Art. 14.6

Información ao cliente. Art. 12 B.2.  
b), Art. 14.1

## D

### Deber de identificación

Ante os tribunais. Art. 10.2 k)

Consulta telemática. Art. 12 B.1

No uso da tecnoloxía. Art. 21

Regulación xeral. Art. 12 B.1

### Deber de información

Circunstancias persoais e  
profesionais. Art. 12 B.5

Honorarios. Art. 14.1

Obxecto da información. Art. 12  
B.2

Obriga de dala por escrito. Art. 12  
B.2 in fine

Veracidade. Art. 11.13

**Deslealdade.** Véxase Lealdade  
profesional.

### Dignidade

Captación de clientela. Art. 7 3.b)

Honorarios. Art. 14.2

Publicidade. Art. 6.2

### Dilixencia

Confianza e integridade. Art. 4.1

Na defensa do cliente. Art. 12 A.8

Tramitación xudicial. Art. 10 2.e)

Uso da tecnoloxía. Art. 21 2

### Documentos

Prohibición de retención. Art. 12  
A.10

Segredo profesional. Art. 5.2

## E

### Exercicio colectivo ou colaborativo

Confianza e integridade. Art. 4.3

Conflito de intereses. Art. 12 C.8

Deber de identificación e  
información. Art. 12 B.2.g

Honorarios. Art. 14 2

Segredo profesional. Art. 5.6

**Exercicio da avogacía.** Véxase  
tamén Exercicio colectivo ou  
colaborativo.

A través de sociedade profesional.  
Art. 22

Accións por responsabilidades. Art.  
11.2

Comunicación de circunstancias ao  
colexio. Art. 9.5

Cumprimento de normas

deontolóxicas. Art. 7.1

Lex Artis. Art. 3.5

Principio de libre competencia. Art. 7.1

Regras de actuación profesional.  
Art.12 A.8

**Encarga.** Véxase tamén: Folla de  
encarga, Conflito de intereses,  
Abstención e cesamento

En caso de substitución. Art. 8.1

Independencia do avogado. Art. 2.4

Lexitimación. Art. 12 A.2

Obriga de cumprimento. Art.12 A.9

Por designación colexial. Art. 12  
A.6

Prohibición de aceptación. Art.  
5.11

## F

### Folla de encarga

Contido. Art. 15

### Fondos alleos

Depósito. Art. 19.1

Individualización. Art. 19.2

Orixe. Art. 19.1

Prohibición de uso. Art. 19.4

Regulación xeral. Art. 19

## H

### Honorarios

Costas procesuais. Art. 14.6

Contía. Art. 14.1

Deber de información. Art. 12 B.2.b

En caso de substitución de letrado.  
Art. 8.4

Impugnación desleal. Art. 17

Información. Art. 14.1

Lexitimación para percibilos. Art.  
14 2.

Minuta. Art. 14.4

Minuta pro forma. Art. 14.5

Minutación dolosa. Art. 17

Prohibición de compartilos. Art. 14  
2.

Prohibición de compensación ou  
autoliquidación. Art. 19.7

Prohibición de detracción. Art. 19.4

Regulación xeral. Art. 14

Rendición de contas. Art. 14.1

Resolución pacífica de conflitos.  
Art. 11.6

## I

### Indefensión

Do adversario. Art. 10.2. letra L

Evitación en caso de cesamento.  
Art. 2.4



Evitación en caso de renuncia. Art. 12 A 6

### **Independencia**

Dereito e deber. Art. 2.2

Esixencia. Art. 2.1

Fronte a instrucións. Art. 2.4

Fronte a presións. Art. 2.4

Fronte ao cliente. Art. 11.14

Publicidade. Art. 6.2

Regulación xeral. Art. 2

**Integridade.** Véxase Confianza e integridade.

Publicidade. Art. 6.2

### **Intrusismo**

Obriga de comunicación ao colexio. Art. 9.4

## **L**

**Lealdade profesional.** Véxase tamén Confianza e integridade.

Ante tribunais. Art. 10.2 a)

Captación de clientela. Art. 7.2 e Art. 7.3

Conflicto de intereses. Art. 12 C.1

Entre avogados. Art. 11.1

Regulación xeral. Art. 7

Relacións cos tribunais. Art. 10.2 a)

### **Liberdade de defensa**

Abstención e cesamento. Art. 12 A.4

Ante os tribunais. Art. 10 2.f

Dereito e deber. Art. 3.1

Evitación da violencia. Art. 11.4

Esixencia de respecto. Art. 11.4

Lex Artis. Art. 3.5

Límites. Art. 3.4, Art. 4.2

Medios. Art. 12 A.9

Principio de boa fe. Art. 3.5

Regulación xeral. Art. 3

### **Liberdade de expresión**

Amparo. Art. 3.2

Límites. Art. 3.3

Regulación xeral. Art. 3

## **M**

### **Mediación colexial**

Entre letrados. Art. 11.2

## **N**

### **Negociacións**

Cese ou interrupción. Art. 11.10

Segredo profesional. Art. 5.6, Art. 12 B.2

### **Normas deontolóxicas**

Ámbito subxectivo. Art. 1.2, Art. 1.1

Ámbito territorial. Art. 1.3

Fontes. Art. 1.1

Obrigatoriedade de cumprimento.  
Art. 1.1

**Novas tecnoloxías.** Véxase  
Tecnoloxías da información e a  
comunicación.

## O

**Obrigas deontolóxicas.** Véxase:  
Relacións cos clientes, Relacións  
entre profesionais da avogacía,  
Relacións cos tribunais, Relacións  
co colexio.

Intervención imposta polo colexio.  
Art. 9.

Regulación xeral. Artigo 1

Sociedades profesionais. Art. 22

**Oferta de servizos profesionais.**  
Véxase tamén Publicidade.

A solicitude da vítima. Art. 6.3.c

Fraudulenta. Art. 7.d

## P

**Pagos a conta.** Véxase Provisións  
de fondos e pagos a conta.

**Provisións de fondos e pagos a  
conta**

Contía do pago a conta. Art. 16.2

Falta de pago a conta. Art. 16.3

Obrigas fiscais. Art. 16.2

Recibo. Art. 16.2

Regulación xeral. Art. 16

Suplidos. Art. 16.4

## Publicidade

Avogados estranxeiros. Art. 6.5,  
Art. 6.6, Art. 6.7

Axuste á legalidade. Art. 7.2.a

Encuberta. Art. 6.9

Liberdade. Art. 6.1

Límites. Art. 6.1, Art. 6.2, Art. 6.3

Mención de especialización. Art.  
6.4

Obxectividade, veracidade e  
dignidade. Art. 6.2

Oferta de servizos profesionais. Art.  
6.3.c, Art. 7.3.d

Presunción de responsabilidade.  
Art. 7.3.c

Regulación xeral. Art. 6

Segredo profesional. Art. 6.3.a

## Puntualidade

Cumprimento de horarios. Art. 10.2  
i), Art. 10.2 j), Art. 10.2 l)

## Q

### Quenda de oficio

Responsabilidade: art. 10.9

## R

### Relacións co colexio

Alta como residente. Art. 9.9

Comunicación de circunstancias  
profesionais. Art. 9.5

Contestación de comunicacións.  
Art. 9.3

Regulación xeral. Art. 9

Respecto. Art. 9.2, Art. 9.8

### **Relacións coa parte contraria**

Contacto co seu letrado. Art. 13.1

No caso de que non teña letrado.  
Art. 13.1

Regulación xeral. Art. 13

Trato respectuoso. Art. 13.3

**Relacións cos clientes.** Véxase  
tamén Captación de clientela.

Confianza. Art. 4.2, Art. 5.1

Confidencialidade. Art. 5.1

Conflicto de intereses entre clientes.  
Art. 4.3

Dilixencia. Art. 12 A.8

Fundamentos. Art. 4.1

Independencia. Art. 2.4, Art. 2.3

Liberdade de defensa. Art. 3.1

Principio de confianza recíproca.  
Art. 12 A.1

Publicidade. Art. 6.3 e)

Regulación xeral. Art. 12

Relación laboral. Art. 8.1

### **Relacións cos tribunais**

Alusións persoais. Art. 10 2.g

Boa fe. Art. 10 2.a

Cumprimento dos seus fins. Art. 10  
2.b

Dilixencia. Art. 10 2.d

Lealdade. Art. 10 2.a

Regulación xeral. Art. 10

Respecto. Art. 10 2.a, Art. 10 2.c,  
Art. 10 2.d

### **Relaciones entre avogados**

Atención preferente. Art. 11.8, Art.  
11.9

Lugar de reunións. Art. 11.7

Negociacións. Art. 11.10

Prohibición de alusión persoal. Art.  
11.3

Proposición do letrado como  
testemuña. Art. 11.8

Regulación xeral. Art. 11

Respecto. Art. 11.1, Art. 11.3

### **Rendición de contas**

Deber de realizala. Art. 12 B.f

Fondos alleos. Art. 19.6

Honorarios. Art. 14.1

### **Renuncia**

Comunicacións obrigatorias. Art. 12  
A.11

Evitación de indefensión. Art. 12  
A.6

## Responsabilidade civil

Contía da cobertura. Art. 20.1

Excepción á obriga de manter segredo. Art. 5.9

Mediación colexial. Art. 11.2

Sociedades profesionais. Art. 20.2

## Responsabilidade penal

Excepción á obriga de manter segredo. Art. 5.9

Mediación colexial. Art. 11.2

## S

**Segredo profesional.** Véxase tamén Comunicacións.

Actuación contra un anterior cliente. Art. 12 C.4

Colaboradores. Art. 5.7

Consentimento. Art. 5.10

Consulta coa parte adversa. Art. 5.11, Art. 12 C.7

Deber e dereito. Art. 5.1

Defensa conxunta. Art. 12 C.6

Despachos colectivos. Art. 5.6

En mediación colexial. Art. 11.2

Excepcións á obriga. Art. 5.9

Extensión. Art. 5.2

Gravación de conversacións. Art. 5.4

Límite ao deber de información.

Art. 12 B.2.j

Obxecto. Art. 5.1

Propostas de arranxo amigable. Art. 10.2 h

Publicidade. Art. 6.2, Art. 6.3.a

Regulación xeral. Art. 5

Substitución de letrado. Art. 5.3, Art. 8.3

Uso da tecnoloxía. Art. 21

Vixencia da obriga. Art. 5.8

## Sociedades profesionais

Responsabilidade civil. Art. 20.2

Responsabilidade deontolóxica. Art. 22

## Substitución de letrado

Comunicación ao xulgado ou tribunal. Art. 8.7

Comunicación ao letrado substituído. Art. 8.1

Comunicación subsidiaria ao colexio. Art. 8.9

En caso de designación de oficio. Art. 8.6

Falta de comunicación (efectos). Art. 8.8

Obrigas do substituído. Art. 8.3

Regulación xeral. Art. 8

Segredo profesional. Art. 5.3

## T

### Tecnoloxías da información e a comunicación

Regulación xeral. Art. 21

### Toga

Uso. Art. 10.2 m)

## V

**Venia.** Véxase Substitución de letrado

### Vítimas

Prohibición de ofrecerlles servizos.  
Art. 6.3.c